

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a setembro de 2025

Data de publicación: 06/11/2025

Principais resultados

- En setembro de 2025, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou un aumento interanual do 5,6 % en Galicia e do 4,5 % en España.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 6,8 %, os bens de equipo un 8,4 % e os bens intermedios un 4 %. Pola súa parte, a enerxía incrementouse un 1,2 %.
- Por ramas de actividade, as contribucións máis destacables son as de “Industria da alimentación” e “Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” que suman 2,2 puntos cada unha delas.

Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1. Índice xeral e por destino económico dos bens


O Índice de produción industrial aumentou un 5,6 % en taxa interanual en setembro de 2025; en España, incrementouse o 4,5 %.

- Os bens de consumo aumentaron o 6,8 %, cunha repercusión de 1,7 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa interanual do 8,4 %, aportando 2,8 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios aumentan un 4 %, cunha repercusión positiva de 0,9 puntos.
- Por último, a enerxía, que aumenta un 1,2 %, suma 0,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Setembro de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	98,5	5,6	1,2
Bens de consumo	106,4	6,8	4,4
Bens de equipo	117,8	8,4	7,6
Bens intermedios	91,0	4,0	-0,3
Enerxía	75,1	1,2	-9,1

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o incremento interanual do 5,6 % débese principalmente á contribución positiva de 13 ramas.

Entre as ramas con contribucións positivas (8 puntos) destacan:

- "Industria da alimentación" (14,8 % e suma 2,2 puntos).
- "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" (14,8 %, suma 2,2 puntos).
- "Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" (18,1 % e suma 1,5 puntos).

No que respecta ás contribucións negativas (-2,4 puntos) as principais ramas foron:


- "Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n." (-7,8 %, resta 0,4 puntos).
- "Confección de roupa de vestir" (-10,7 %, resta 0,3 puntos).
- "Reparación e instalación de maquinaria e equipamento" (-5,1 %, resta 0,3 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en 15 comunidades autónomas neste mes de setembro. As comunidades con taxas máis positivas foron Castela e León (17 %) e Andalucía (11,2 %). Pola contra, diminúe en Comunidade Valenciana (-3,3 %) e País Vasco (-2,8 %).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Setembro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Setembro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	98,5	5,6	1,2		
Bens de consumo	106,4	6,8	4,4	1,7	1,1
Bens de equipo	117,8	8,4	7,6	2,8	2,3
Bens intermedios	91,0	4,0	-0,3	0,9	-0,1
Energía	75,1	1,2	-9,1	0,2	-2,1

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	107,6	4,5	1,1		
Bens de consumo	111,6	6,2	1,0	1,6	0,3
Bens de equipo	118,4	3,9	-0,1	1,0	0,0
Bens intermedios	100,5	3,8	0,5	1,2	0,2
Energía	101,9	4,0	3,5	0,7	0,7

Fonte: INE.

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-7,8	-0,4	-5,3	-0,2	2,8
Confección de roupa de vestir	-10,7	-0,3	11,2	0,3	1,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-5,1	-0,3	1,5	0,1	4,8
Outras industrias extractivas	-10,5	-0,2	-10,7	-0,1	1,1
Industria téxtil	-31,5	-0,2	-15,0	-0,1	0,8
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-5,0	-0,2	-0,8	0,0	4,6
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-39,5	-0,2	-27,8	-0,1	1,0
Industria química	-10,5	-0,2	-0,8	0,0	1,9
Industria do papel	-6,7	-0,1	-1,7	0,0	1,2
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	6,3	0,0	27,0	0,1	0,8
Fabricación de material e equipamento eléctrico	0,1	0,0	-9,9	-0,1	0,5
Fabricación de mobles	-1,9	0,0	-2,7	0,0	1,3
Outras industrias manufactureiras	-1,2	0,0	7,5	0,1	0,7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	0,3	0,0	-10,6	-2,0	19,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	4,6	0,1	6,8	0,2	2,3
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	5,7	0,2	-3,1	-0,1	3,2
Fabricación doutro material de transporte	13,8	0,3	17,2	0,3	1,9
Fabricación de bebidas	11,9	0,5	6,3	0,3	3,8
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	20,0	0,6	-4,9	-0,1	5,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	18,1	1,5	9,6	0,8	8,6
Industria da alimentación	14,8	2,2	5,2	0,8	14,9
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	14,8	2,2	10,1	1,4	13,3

Fonte: INE.

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais.

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Setembro de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	107,58	4,5	1,1
Andalucía	112,69	11,2	7,9
Aragón	115,04	4,3	3,3
Asturias, Principado de	93,39	3,9	5,1
Baleares, Illas	115,62	6,3	5,2
Canarias	120,31	8,7	0,2
Cantabria	91,80	3,5	-0,5
Castela e León	120,52	17,0	4,1
Castela-A Mancha	116,57	5,6	0,7
Cataluña	105,77	5,5	0,0
Comunidade Valenciana	94,79	-3,3	-1,6
Extremadura	121,18	2,4	0,1
Galicia	98,54	5,6	1,2
Madrid, Comunidade de	117,38	1,0	-0,1
Murcia, Rexión de	104,75	6,6	0,8
Navarra, Comunidade Foral de	110,89	2,7	-1,8
País Vasco	101,56	-2,8	-2,6
Rioxa, A	109,54	7,2	1,4

Fonte: INE.